

POLÍN: “OS 200.000 EUROS DO CONCELLO PARA O CENTRO DE DÍA E RESIDENCIA PÚBLICA SAIRÁN DOS SOLDOS DOS CONCELLEIROS QUE DUPLICOU O ACTUAL GOBERNO MUNICIPAL

Primeira medida da alcaldable: “reducirei os custos do goberno municipal para, con este aforro, financiar o que lle corresponde aos Concellos na construción dos centros de día e residencias públicas da Deputación”

“Teixido e os seus Concelleiros bloquearon este proxecto só porque o fai a Deputación. É un caso inédito, posto que se avanzou na construción dos restantes centros para maiores na provincia. Os da Fonsagrada e Castroverde xa están listos”

Os socialistas “ofreceremos todas as facilidades para o asentamento, por parte da empresa privada, doutro centro para maiores na finca que doaron os veciños de Parga. Traballaremos para que tamén ofrezca servizo a persoas dependentes”

“Mentres Teixido e os seus Concelleiros subiron os seus salarios, pecharon o viveiro de empresas ou o Centro Loxístico de Transportes, fixeron recortes no PAI, no Taller de Alume ou na Escola de Música e ata apagaron puntos de luz no rural baixo a escusa da crise”

“Con este feitos, ¿que credibilidade pode ter un Concelleiro que agora renega de Teixido e é candidato, cando durante 4 anos foi cómplice das decisións do seu goberno e cobrou ata 135.000 euros das arcas municipais por facelo”

Guitiriz, 15 de maio de 2015.- A candidata do PSdeG-PSOE á alcaldía de Guitiriz, Regina Polín, acompañada por compañeiros da listaxe socialista neste municipio chairego, avanzou este venres a 1ª medida que tomará se os cidadáns lle dan o seu apoio o 24 de maio para ser a vindeira Rexedora. “Reducirei os custos do goberno municipal, que Teixido e todos os seus Concelleiros duplicaron, para, con este aforro, financiar en Guitiriz os 200.000 euros que teñen que achegar os Concellos á construción dos centros de días e residencias públicas da Deputación. Desbloquearemos e executaremos este proxecto na Casa da Botica”, afirmou.

Regina Polín subliñou que “Teixido e todos os seus Concelleiros duplicaron os seus salarios con respecto á etapa anterior, é dicir, a dos socialistas, con Concelleiros que cobran 2.400 euros ao mes, mentres recortaron todas as prestacións públicas e paralizaron todos os proxectos de futuro, que durante 8 anos impulsamos os socialistas en Guitiriz. ¿Que credibilidade pode ter un Concelleiro que agora renega de Teixido e é candidato, cando durante 4 anos foi cómplice e partícipe das decisións do seu goberno, e cobrou ata 135.000 euros das arcas municipais por facelo?”

Caso inédito

A socialista explicou que “nós impulsamos un centro de día e residencia pública na Casa da Botica e eles bloquearon a súa construción só porque a fai a Deputación. Teixido e todos os seus Concelleiros puxeron todo tipo de trabas e impedimentos para que non se puidesen iniciar as obras. É un caso inédito na provincia. A Deputación si puido avanzar coas obras dos restantes centros para maiores que constrúe en Concellos da provincia de todas as cores políticas. De feito, hoxe están totalmente rematadas as da Fonsagrada e Castroverde, e xa se están a levar a cabo os procesos de contratación de persoal para o seu funcionamento”.

Facilidades

“A Deputación puxo todo o empeño e ofreceu todas facilidades ao equipo de goberno de Teixido para construír o centro de día e residencia pública na Casa da Botica. Creou unha Comisión de Seguimento específica para este proxecto, que non fixo faltar crear cos restantes e todos saíron adiante. Teixido e os seus Concelleiros impediron calquera avance nas reunións da Comisión. Nin acudiron á última”.

“O organismo provincial ata lles redactou a documentación técnica necesaria, que Teixido e os seus Concelleiros non foron capaces de realizar durante catro anos, para a modificación puntual do planeamento municipal, que permita ao Concello conceder a imprescindible licenza de obra para poder inicialas. Feito isto, Teixido e os seus Concelleiros só tiñan que aprobar este trámite no Pleno municipal e expoñelo ao público. Pasaron preto de medio ano dende entón, e non o fixeron, mostra do seu grande interese por este proxecto”.

Non hai escusas

“Guitiriz ten o espazo (a Casa da Botica), o proxecto de obra, a documentación técnica e 1,2 millóns de euros da Deputación para construír o centro de día e residencia pública. Non hai escusas. Se os cidadáns nos dan a súa confianza o vindeiro 24 de maio, farémolo realidade. Os 200.000 euros cos que colaboran os Concellos na rede de centros de día e residencias da Deputación, en Guitiriz, saíran dos soldos dos Concelleiros, que duplicaron todos os integrantes do actual goberno municipal, e non dos petos dos cidadáns”, remarcou.

Parga

A alcaldable adiantou que o seu equipo de goberno tamén ofrecerá todas as facilidades para o asentamento, por parte da empresa privada, doutro centro de maiores na finca que doaron os veciños de Parga. “Traballaremos para que estas instalacións ofrezan servizo a persoas dependentes, complementando, deste xeito, o servizo público de residencia e centro de día na Casa da Botica. Temos que ter en conta que hoxe ducias de maiores de Guitiriz están en centros de Castro de Rei, O Incio, Quiroga, Outeiro de Rei...porque non contan con esta prestación no noso Concello. Polo tanto, impulsaremos os dous proxectos, é dicir, tanto o centro público da Deputación como este de carácter privado en Parga, posto que, para nós, si son totalmente compatibles”, engadiu.

O ben feito e o desfeito

Ademais do bloqueo ao centro de día e residencia pública, a alcaldable destacou outros proxectos de futuro que bloquearon Teixido e os seus Concelleiros, así como prestacións públicas que recortaron. “Lembremos o ben feito e o desfeito. Os socialistas puxemos en marcha o Punto de Atención á Infancia e Teixido e todos os seus Concelleiro reduciron o seu horario. Nós puxemos en marcha o Taller de Alume e eles recortaron o transporte semanal. Nós impulsamos a Escola de Música e eles recortaron as horas de formación e o material. Nós potenciamos a práctica deportiva con importantes investimentos nas instalacións deportivas, como o arranxo do campo de fútbol de Guitiriz ou a dotación de gradas no de Parga, e eles frearon o impulso deportivo. Nós creamos as Rutas da Auga, da Auga e da Pedra, e de Díaz Castro, e eles abandonáronnas. Nós potenciamos o polígono e eles deixárono morrer. Nós creamos o primeiro viveiro de empresas no rural ou o Centro Loxístico de Transporte e eles pecháronos. Nós acondicionamos os accesos aos 308 núcleos de Guitiriz e eles non fixeron nada dende entón. Nós dotamos de alumeado público aos veciños de todo o Concello e eles apagaron puntos de luz baixo a escusa da crise...”

A única alternativa

Polín reiterou “con este feitos, ¿que credibilidade pode ter un Concelleiro que agora renega de Teixido e é candidato, cando durante 4 anos foi cómplice e participe das decisións do seu goberno e cobrou 135.000 euros das arcas municipais por facelo?. O meu equipo é a única alternativa para frear a parálise a que cada un dos integrantes do actual goberno municipal ten sometido ao noso Concello. O PSOE é a única alternativa para recuperar o futuro de Guitiriz. Temos un proxecto para facelo”.

